

ACTA NÚM. 2/2024.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2024.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 7 de febreiro de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Non asisten:

ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 22.01.2024.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2024”.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

4º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2024.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 22.01.2024.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 1/2024, do 22.01.2024.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS + 2024”.

Dada conta da proposta da alcaldía do 24.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 06.02.2024, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, publicadas no BOP 227, do 28.11.2023, e a circular da Deputación sobre este plan de data novembro de 2023, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	250.327,31
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	250.327,31

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzament o total
		Achega Municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem.	Total Concello	

			auga potable)		
Subtotal investimentos achega provincial 2024					

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostíbles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORAS NO NÚCLEO DE TOURÍS	138.761,76				138.761,76
PISTA EN BRANS DE ABAIXO E OUTROS	55.369,62				55.369,62
Subtotal investimentos achega provincial 2023	194.131,38				194.131,38

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	

D) Resumo:

		Concello				
POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	250.327,31				250.327,31
	Achega 2023 (Excep. base					

	2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024					
	Achega 2023	194.131,38				194.131,38
C- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024					
	Achega 2023					
D- TOTAL	Achega 2024	250.327,31				250.327,31
	Achega 2023	194.131,38				194.131,38
	TOTAL	444.458,69				444.458,69

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
SENDA EN ALDEA CHAVE DE PONTE	141.539,35		
MELLORA VIARIO ALDEA LAMIÑO	83.082,90		
MELLORA VIARIO ALDEA CORUXIDO A SABAXÁNS	265.838,85		
SENDA ALDEA CANTALARRANA A ALDEA O CABO	204.396,29		
TOTAIS	694.857,39		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no

caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ímonos abster, agradecemos a boa media intención de convidarnos a facer achegas, aínda que os proxectos xa estaban redactados; van as obras en Lamiño que foi solicitado por nós aínda que é pouco; a parroquia de Bastavales é a máis beneficiada e pedimos que o ano que ven se nos dea máis tempo para facer achegas, aínda que xa nos plenos dicimos as obras que deben facerse.

O Sr. Alcalde sinala que o ano pasado o maior investimento foi na parroquia de Os Ánxeles, e este ano tocoulle a Bastavales, e creo que fun correcto ao convidarte a facer achegas.

A Sr^a Concelleira Fariña Bellón sinala que votaremos a favor, porque algunhas obras que van aquí foron solicitadas por nós e están incluídas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e do PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 23.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 06.02.2024, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS + Adicional 1/2024**" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, publicadas no BOP 227, do 28.11.2023, coa modificación publicada no BOP 245, do 27.12.2023, e a circular da Deputación sobre este plan de data decembro de 2023, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2024**" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024

71522,09 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	14.257,20	0,00	14.257,20 €	14.257,20 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	9.000,00	0,00	9.000,00 €	8.000,00	1.000,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			0,00 €		0,00 €
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de	107.351,00	31.696,00	75.655,00 €	49.264,89	26.390,11 €

medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.					
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			0,00 €		0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			0,00 €		0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES					
Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	130.608,20€	31.696,00 €	98.912,20 €	71.522,09 €	27.390,11 €

GASTOS EXTRAORDINARIOS	SOCIAIS 2024	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS PRIVADOS OU	ESTIMACIÓN DO GASTO FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
INVESTIMENTO		(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.				0,00 €		0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.				0,00 €		0,00 €

SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
---------------------------------	--------	--------	--------	--------	--------

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024	130.608,20 €	31.696,00,00 €	98.912,20 € €	71.522,09 €	27.390,11 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	71.522,09 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)	71.522,09 €

2º) Comprometerse a **facér constar a colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non tivemos participación ningunha neste plan, nin se nos convidou; non imos poñer trabas como tampouco no POS anteriormente aprobado, pero parécenos pouco 9.000 euros para emerxencia social porque hai moita xente necesitada en Brión, e a priori, sen coñecer as necesidades de persoal de servizos sociais porque non se nos deu a coñecer, é preferible destinar eses cartos a emerxencia social.

O Sr. Alcalde sinala que se queremos prestar servizos de calidade debemos contratar persoal e por iso van aí os cartos e sinto non ter falado con vostede con anterioridade este asunto.

A Srª Concelleira Fariña Bellón sinala que parécenos correcto o destino dos cartos e se hai necesidades de persoal en servizos sociais está ben destinado.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.

Dada conta do convenio de cooperación asinado o día 22.01.2024 entre a Deputación da Coruña e o Concello polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, polo que en resumo a Deputación financiará as obras do proxecto técnico referenciado por importe de: 540.346,08 euros, coa cantidade de:150.000,00 euros, sendo o resto por conta do Concello, e cunha vixencia ata o 31.10.2025, debendo solicitarse, no seu caso, prórroga para remate e xustificación antes do 30.09.2025, prórroga que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2026, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 06.07.2024.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que este convenio demostra a capacidade mínima de negociación que ten o Concello na Deputación.

O Sr. Alcalde sinala que vostede está alí e podía ter incrementado o financiamento provincial.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a ratificación do convenio asinado nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2024.

Dada conta da proposta da alcaldía do 25.01.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 06.02.2024, que transcrita di:

Vista a existencia de facturas correspondentes a diversos subministros e servizos prestados en anos anteriores ao 2024, que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada no mes de decembro de 2023 e no mes de xaneiro de 2024.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 25 de xaneiro de 2024, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de DEZANOVE MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (19.775,94 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

F/2024/3

Nº de Entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2023/2928	06/10/2023	808,28	B15075732	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº Z23 4021; SERVICIO LIMPEZA CENTRO SOCIAL E CASA DO CONCELLO SETEMBRO 2023	2024 231 -22700
F/2023/3099	20/10/2023	474,02	B15510241	SUMINISTROS DE HOSTELERIA EQUIP HOTEL S.L.	FRA Nº F23/3339; PRODUTOS HIXIENE LIMPEZA ESCOLA INFANTIL	2024 323 -22110
F/2023/3375	11/11/2023	29,03	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	FRA Nº FE23137025697894; SUBMINISTRO ELECTRICOLG/BOAVENTURA 9997 BOMBEO - PERIODO 01.10.2023 A 31.10.2023	2024 161 -22100
F/2023/3399	16/11/2023	52,15	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	FRA Nº 1230584321; SGAE REPRESENTACION ""ESAS COUSAS MARABILLOSAS"" O 27.10.2023 NO CENTROS SOCIAL	2024 338 -22699
F/2023/3422	22/11/2023	120,20	B70469903	BOSQUE DA DEVESA, S.L.	FRA Nº 01 1464; MATERIAL OFICINA ESCOLA INFANTIL	2024 323 -22000
F/2023/3428	24/11/2023	170,15	A08171373	MGS, SEGUROS Y REASEGUROS S.A.	FRA Nº 46823549; SEGURO ACCIDENTES ANDAINA TERROR 2023	2024 341 -22699
F/2023/3439	28/11/2023	112,53	B15075732	LIMPIEZAS SALGADO S.L.	FRA Nº Z23 4556; SERVICIO LIMPEZA BIBLIOTECA	2024 3321 -22700
F/2023/3457	23/11/2023	72,60	B70274253	HERMANOS FORJAN LUEIRO, S.L.	FRA Nº 1 003055; LIMPEZA HAMACAS BEBE - ESCOLA INFANTIL	2024 323 -22799
F/2023/3465	27/11/2023	1.100,00	78793114J	LAFUENTE VIDAL, FAUSTINA	FRA Nº 6; CHOCOLATADA CON CHURROS MAGOSTO	2024 338 -22799
F/2023/3478	28/11/2023	2.533,30	B94183951	POTEL O PULPEIRO S.L.	FRA Nº 013/2023; SERVICIOS MAGOSTO 2023	2024 334 -22799
F/2023/3815	22/12/2023	343,40	32674951R	TROITIÑO GUERRERO, JAVIER	FRA Nº 23018; COPIAS ESCOLA INFANTIL	2024 323 -22199
F/2023/3826	26/12/2023	285,00	44837799N	CASTRO NOYA, MARIA DEL ROCIO	FRA Nº 21/F/001; PINCHOS BANDA ENCENDIDO ALUMADO NADAL	2024 338 -22601
F/2023/3827	22/12/2023	23,60	B70469606	PANADERIA OZA S.L.U.	FRA Nº 361; BARRAS E BAGUETTS - ESCOLA INFANTIL	2024 323 -22105
F/2023/3862	29/12/2023	121,24	B70545967	RURIS, LIMPIEZAS Y MANTENIMIENTOS CORUÑA, S.L.	FRA Nº 1 3605; SERVICIO LIMPEZA LOCAL MONTE BALADO (COWORKING) DECEMBRO 2023	2024 241 -22700
F/2023/3864	29/12/2023	251,81	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 230022; COPIAS SERVICIOS SOCIAIS PERIODO 01.01.2023 A 14.06.2023	-2024 231 -21900
F/2023/3865	29/12/2023	1.953,51	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº M 230023; COPIAS OFICINAS XERAIS PERIODO 01.01.2023 A 14.06.2023	-2024 920 -21900
F/2023/3866	29/12/2023	107,57	B15981186	OFIAGUS S.L.	FRA Nº 551 222300661; MATERIAL FUNXIBLE ESCOLA INFANTIL	2024 323 -22199
F/2023/3867	31/12/2023	216,42	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	FRA Nº 168-1-12/73; PRODUTOS CESTAS CONCURSO DECORACION	2024 334 -22601

					NADAL	
F/2023/3868	31/12/2023	626,25	A36036739	DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.	FRA Nº 168-1-12/74; PRODUTOS ALIMENTACION ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2023	2024 323 22105
F/2024/4	17/01/2024	403,33	B70604137	ENFOQUES INFORMATICOS EDITORIAL S.L.	FRA Nº F 230176; PUBLICACION 8 CONTIDOS DE DISFUSION EN REDES SOCIAIS - DECEMBRO 2023	2024 920 22602
F/2024/18	17/01/2024	1.101,10	B70388574	UFA TECNOLOGIAS DE COMUNICACION S.L.U.	FRA Nº A 240003; MANTEMENTO LIÑAS CENTRALITA - DECEMBRO 2023	2024 920 22200
F/2024/24	17/01/2024	154,68	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA Nº 4003882430; SERVICIO CORREOS DECEMBRO 2023	2024 920 22201
F/2024/144	17/01/2024	1.536,70	33300430H	IGLESIAS REY JORGE	FRA Nº 1 274; SERVICIO MANTEMENTO CAMPO DE FÚTBOL DE LUAÑA - DECEMBRO 2023	2024 342 21000
F/2024/169	17/01/2024	2,66	B36307270	COESCO DEZA, S.L.	FRA Nº Emit- 186; SERVICIO ALMORZOS E MERENDAS ESCOLA INFANTIL - DECEMBRO 2023	2024 323 22711
F/2024/172	17/01/2024	456,00	B85635910	EDICIONES EL PAIS, S.L.	FRA Nº PAB4 PAB4/000079869; RENOVACION SUBSCRICIÓN (BIBLIOTECA MUNICIPAL) - PERIODO 09.07.2023 A 08.07.2024	2024 3321 22001
F/2024/174	17/01/2024	283,65	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	FRA Nº 5549105207; ITV MITSUBISHI 1161FGY, SANTANA C4257BD, IVECO 4146GFS, MERCEDES 4609FWY E CAMION 8285HTZ	Multiaplicación
F/2024/187	17/01/2024	778,09	B70278718	GESTION DE RESIDUOS VIMIANZO, S.L.	FRA Nº 03 2024; SERVICIO XESTION PUNTO LIMPO CASA POR CASA - DECEMBRO 2023	2024 1621 22799
F/2024/190	17/01/2024	1.960,20	A15073349	TELEVISION DE GALICIA	FRA Nº 24CT00370; CAMPAÑA PUBLICITARIA BRION NADAL O 31.12.2023 NA TVG	2024 432 22602
F/2024/210	02/01/2024	131,49	33251255V	MARTINEZ PORTOS, SANTIAGO	FRA Nº 23/00454; REPARACION NISSAN TERRANO 9117BZH OFICINAS XERAIS	2024 920 21400
F/2024/213	02/01/2024	54,60	16041181S	ESTEVEZ IGLESIAS, BENITA	FRA Nº 1172; MATERIAIS OBRADOIRO MENTE ACTIVA - MANUALIDADES NAVIDEÑAS	2024 231 22199
F/2024/214	02/01/2024	64,90	44825350Y	CASTIÑEIRAS NOYA SONIA	FRA Nº 6/2023; SERVICIO TAXI DE ÁNxeles A IBERMUTUA GALLEGA O 28.12.2023	2024 920 22300
F/2024/220	08/01/2024	300,00	G36644870	FEDERACION GALEGA DE CICLISMO	FRA Nº 0233/0000027; SEGURO LICENCIA MARCHA II BTT CONCELLO DE BRION	2024 341 22699

F/2024/221	09/01/2024	268,80	B94017225	AQUAFIT GESTION, S.L.	FRA N° 203/F2023/00000031; PROGRAMA AQUASAN MAIORES 60 - DECEMBRO 2023	2024 231 22712
F/2024/224	12/01/2024	151,50	B15832512	MESON ASADOR ABELLEIRA	FRA N° F002/683; ATENCTIONS PROTOCOLARIAS	2024 912 22601
F/2024/225	12/01/2024	302,50	G70414776	CLUB W	FRA N° 009-2023W_TnR; TENIS NA RÚA NOVEMBRO 2023	2024 341 22699
F/2024/227	16/01/2024	726,00	34996730E	VAZQUEZ LEMOS, LORETO	FRA N° 145/23; SERVIZO GABINETE COMUNICACION EXTERNO - DECEMBRO 2023	2024 491 22721
F/2024/228	17/01/2024	1.600,02	B70102181	AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L.	FRA N° 3094; SERVIZO TRANSPORTE AO CENTRO MÉDICO E MERCADILLO DECEMBRO 2023	2024 312 22300
F/2024/230	18/01/2024	98,66	A83052407	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	FRA N° 4003890144; SERVIZO CORREOS XULGADO - DECEMBRO 2023	2024 920 22201
TOTAL		19.775,94				

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que imos votar a favor para que a xente poida cobrar, que hai cousas pequenas que poden orzamentarse para evitar ter que facer modificacións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González